CONCELLO DE SANTIAGO




# AXUDAS INDIVIDUAIS PARA O USO DO SERVIZO DE TAXI COMO MEDIO ALTERNATIVO PARA AS PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE OU QUE PRESENTAN LIMITACIÓNS PARA O USO DO TRANSPORTE COLECTIVO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. ANO 2019

# AXUDAS INDIVIDUAIS PARA O USO DO SERVIZO DE TAXI COMO MEDIO ALTERNATIVO PARA AS PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE OU QUE PRESENTAN LIMITACIÓNS PARA O USO DO TRANSPORTE COLECTIVO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. ANO 2019

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no seu art. 3. establece como un dos obxectivos dos Servizos Sociais o de **garantir a vida independente e a autonomía das persoas en situación de dependencia**.

Por outra banda, a Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020 (ESGAEN), como texto marco que inspira as actuacións para acadar unha vida activa saudable, independente e segura, fundamenta as liñas estratéxicas en varios **eixes transversais**, entre os que se destacan a **discapacidade e o proceso de envellecemento no ámbito rural**.

Tendo en conta que as persoas afectadas por graves problemas de mobilidade ven limitadas as súas posibilidades de uso de transporte público e o mesmo lles ocurre ás persoas con discapacidade ou maiores do contorno rural por ter menor frecuencia nas liñas de autobuses, estas veciñas e veciños deberán ser obxecto de **medidas compensatorias para corrixir as desigualdades**. Corresponde a este Concello:

- Facilitar o desenvolvemento da vida diaria, incidindo no **principio de igualdade de dereitos**.
- Fomentar a **autonomía** e o **desenvolvemento das capacidades persoais**.
- Favorecer a **convivencia comunitaria**, respectando a diferenza de cada quen.

# AXUDAS INDIVIDUAIS PARA O USO DO SERVIZO DE TAXI COMO MEDIO ALTERNATIVO ADAPTADO ÁS PERSOAS CON DÉFICITS DE MOBILIDADE E QUE PRESENTAN GRAVES DIFICULTADES PARA O USO DO TRANSOPORTE COLECTIVO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.



CONCELLO DE SANTIAGO

**Estas axudas pretenden facer reais e efectivos os principios recollidos na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, e ademais ...**

Resposta

- Ao establecido na **lexislación en materia de Servizos Sociais**
- A **dar cumprimento ao acordo** adoptado por unanimidade polo **Pleno da Corporación Municipal** o 22 de maio de 2017.
- A dar continuidade a esta "**liña de prestacións**".
- A seguir traballando para a **garantía de dereitos sociais**

# Quen pode beneficiarse destas axudas?

CONCELLO DE SANTIAGO

**1ª opción**: Persoas empadroadas e residentes en Santiago de Compostela + Persoas que teñan recoñecida unha discapacidade e con graves problemas de mobilidade

**2ª opción**: Persoas empadroadas e residentes en Santiago de Compostela + Persoas con graves déficits visuais

**3ª opción**: Persoas empadroadas e residentes en Santiago de Compostela + Persoas maiores: idade 65 anos ou mais + Residentes no contorno rural

**4ª opción**: Persoas empadroadas e residentes en Santiago de Compostela + Persoas con discapacidade: 33 % ou mais + Residentes no contorno rural

**5ª opción**: Persoas empadroadas e residentes en Santiago de Compostela + Persoas afectadas por doenzas, que non estean autorizadas a conducir + Residentes no contorno rural

CONCELLO DE SANTIAGO

# REQUISITOS:

- Estar **empadroadas** no Concello de Santiago de Compostela.
- Ter recoñecida a condición legal de **persoa con discapacidade**, con **graves problemas de mobilidade**; ou **déficits severos visuais;** ou **ter unha discapacidade e residir no contorno rural;** ou **ter 65 anos ou mais e residir no contorno rural;** ou **padecer unha doenza que lle impide conducir e residir no contorno rural;**
- **Carecer de vehículo adaptado**, salvo non poder utilizalo.
- **Non ser beneficiarios de** transporte adaptado **065** da Xunta de Galicia **para a mesma finalidade**.
- **Non** dispor de **ingresos per cápita superiores ao 300 % do IPREM anual** (19.362,24 €/ano)

# CONTIAS:

| LÍMITE DE INGRESOS | CONTÍA MÁXIMA QUE SE CONCEDE |
|---|---|
| CON INGRESOS PERSOAIS ATA O 150 % DO IPREM ANUAL (9.681,12 €/ANO) | 350 €, pago único. |
| MÁIS DO 150 % E ATA O 250 % DO IPREM ANUAL (16.135,20 €/ANO) | 250 €, pago único. |
| MÁIS DO 250 % E ATA O 300 % DO IPREM ANUAL (19.362,24 €/ANO) | 150 €, pago único. |

# DOCUMENTACION

CONCELLO DE SANTIAGO

## Obxectivo: SIMPLIFICAR A TRAMITACIÓN

| | | |
|---|---|---|
| ✓ | **Impreso de solicitude, cuberto e asinado pola persoa solicitante ou pola representante legal** (anexo I)**.** | OBRIGATORIA |
| ✓ | **Impreso de autorización para a consulta de datos das diferentes administracións públicas necesarios para a tramitación do expediente** (anexo II)**.** | OBRIGATORIA |
| ✓ | **Declaración responsable da persoa solicitante** (anexo III)**.** | OBRIGATORIA |
| ✓ | Fotocopia compulsada do documento de identidade da persoa solicitante e da súa representante legal, de ser o caso. | OBRIGATORIA |
| ✓ | No caso de menores de idade, fotocopia completa e compulsada do libro de familia ou, de non o ter, da documentación oficial que o substitúa | OBRIGATORIA |
| ✓ | Fotocopia compulsada do certificado ou da tarxeta acreditativa da discapacidade, de ser o caso. | OBRIGATORIA |
| ✓ | Informe médico que acredite padecer unha doenza que lle impide conducir, de ser o caso. | OBRIGATORIA |
| ✓ | Certificado bancario co código IBAN da conta na que desexa que ingresen a prestación no caso de que sexa concedida | OBRIGATORIA |
| | **A acreditación do** empadroamento e convivencia **obterase de oficio, no caso de ser autorizado. No suposto contrario, debe ser presentado pola persoa solicitante.** | **OBRIGATORIA** |
| | **Os datos do IRPF obteranse de oficio, agás nos casos en que non se teña autorización, que deberán ser presentados pola persoa solicitante.** | **OBRIGATORIA** |

# PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN




**<u>Prazo</u>: 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación no BOP**

**(publicado o 10 de abril de 2019).**



**<u>Lugar de presentación</u>: Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela ou os legalmente establecidos.**

# ANÁLISE DAS CONVOCATORIAS

| ANO 2017 | ANO 2018 | Ano 2019 |
|---|---|---|
| Nº de solicitudes: 4 | Nº de solicitudes: 48 | Nº de solicitudes: en prazo de presentación |



# ANÁLISE DAS CONVOCATORIAS

## PERFIL DAS PERSOAS SOLICITANTES NO ANO 2018

- Media de idade: 70,52 anos.
- Sexo: maioritariamente mulleres (56 %).
- Media de grado de discapacidade: 69 %
- Zona de residencia: maioritariamente en zona rural (60,42 % das solicitudes).
- Concesión de: 90 % das solicitudes, aproximadamente.
- Ao 77,08 % foille concedido o importe máximo da axuda (350 €).

MODALIDADES:

- Persoa con discapacidade e mobilidade reducida: 42 %.
- Persoa con discapacidade e residente no rural: 15 %.
- Persoa maior, residente no rural: 40 %.
- Non pertence a ningunha modalidade: 4 % (polo tanto, foron denegadas).

# ASPECTOS A TER EN CONTA NESTA CONVOCATORIA:

CONCELLO DE SANTIAGO

**ASPECTOS A TER EN CONTA**

- LIMITE DE RECURSOS ECONÓMICOS POR PERSOA SOLICITANTE
- NON SE ESIXE TEMPO DE EMPADROAMENTO
- INCREMENTO DE PERSOAS QUE PODEN OPTAR A ESTAS AXUDAS
- SE TEN VEHÍCULO ADAPTADO, PODE BENEFICIARSE DESTAS AXUDAS SE DEMOSTRA NON PODER UTILIZALO
- SE É BENEFICIARIO DO 065, PODE ACCEDER A ESTAS AXUDAS, SE DEMOSTRA NON SER PARA O MESMO FIN
- NON INCOMPATIBLE CON LISMI

CONCELLO DE SANTIAGO

# + INFO



**PASS CABES**



**PASS FONTIÑAS**




**CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS – "SERVIZO DE PRIMEIRA ATENCIÓN"**




**PASS ENSANCHE**




**PASS GALERAS**